

Luisa Abad: "Poesía pode ser todo ou nada se unha atopa un xeito de plasmar unha vivencia"

A beleza é un criterio difuso, máis no seu caso, forma parte dunha persoalidade que aúna espírito solidario, liderazgo, intelixencia e unha curiosidade infinda. Sereas Afónicas é o seu terceiro poemario.

María Xosé Porteiro 09/12/2025

<https://www.mundiario.com/articulo/en-galego/luisa-abad-poesia-pode-ser-todo-nada-atopa-xeito-plasmar-vivencia/20251209181819366374.html>

Luisa Abad, pedagoga, feminista, presidenta do Ateneo Atlántico de Vigo e poeta serodia, está a vivir a acoillida xubilosa do seu terceiro poemario: Sereas Afónicas, publicado pola Editorial Elvira, que dirixe Xabier Romero, cunha coidada presentación e unha belísima portada de Francesca López D'a Silva. En menos de catro meses precisou dunha segunda edición e vén de estar exposto na Feira do Libro de Guadalajara. A escritora é unha muller madura, fermosa por dentro e por fóra. A beleza é un criterio difuso, máis no seu caso, forma parte dunha persoalidade que aúna espírito solidario, liderazgo, intelixencia e unha curiosidade infinda.

– Que supuxo para ti esta experiencia?

– Sorpresa e ilusión. Nunca pensei que fose ter tanto éxito. Este traballo está a darme moitas alegrías pola difusión e os bos comentarios que recibe e non só das amizades. Estou ben contenta de telo feito.

– Cando comezaches a escribir?

– Foi logo da xubilación por dispoñer de tempo e pola afición que xa tivera á escrita de textos pedagóxicos, mesmo de poemas de mocidade que crera sepultados. Souben pola radio que Antía Otero e a AELG programaban un obradoiro na Coruña, onde vivía daquela. Inscríbime, e así comeza esta etapa que vivo cunha experiencia inédita de comunicación que non procura un público concreto.

– Como influíron estes obradoiros no teu traballo?

– As primeiras lecturas foron moi proveitosas porque non traballaba seguindo un método prefixado, senón experimentando na procura da miña propia voz.

– Que é o que máis che gusta deste teu libro?

R. Nas Sereas identifícome coa parte derradeira que se refire á etapa actual na que me sinto cómoda. As outras partes do poemario están focalizadas en lembranzas que poden modificar a recreación do que nos gustou e do que nos feriu. Se ben o paso do tempo pode influir na fidelidade das lembranzas, como conxunto poético resulta harmónico, ben encaixado. cousa que non tiña clara cando comezara a artellar o libro con poemas soltos que non foran concibidos para unha expresión conxunta. A orde cronolóxica foi clave para dar coherencia a uns poemas que expresan un camiño de vida co que se pode sentir reflectidas outras persoas.

– Pasaran tres anos desta etapa de experimentación e aprendizaxe cando publicas Punto de maduración, o teu primeiro libro. Que che motivou a escribir este primeiro poemario?

– Coido que unha maior vontade de experimentación sobre o que sentía, de deixar agromar o inconsciente e recoñecer o seu efecto, tan sandador. As primeiras lecturas nos obradoiros foron moi proveitosas porque eu non traballaba seguindo un método prefixado, senón experimentando ata atopar a voz propia. Aprendín técnica, recuperei e amplíei lecturas poéticas. Quixen compartir coas amizades a alegría de seguir viva, e xa, durante a etapa da quimioterapia, ía escribindo o que logo foi o segundo poemario: “Limaduras de prata” onde describo os seis meses de tratamento como un libro proxectivo, sandador, onde compartir como vivía a enfermidade...

– Cal foi a mellor aprendizaxe desta xeira?

– Comprender que poesía pode ser todo ou nada se unha atopa un xeito de plasmar, esteticamente, unha vivencia sobre a que primeiro escribes e logo procuras a beleza, a estética formal, para recrear a fugacidade de momentos efémeros da vida que se atrapan na escrita.

Limaduras de prata: un poemario sandador para quen o escribe e para quen o lé

– Como nace o teu segundo libro?

– Limaduras de prata concebíno como un agasallo para á Fundación Asociación Española contra o cancro, para quen foron todos os beneficios dos dereitos. Pensaba nas persoas que poderían verse reflectidas na terapia oncolóxica e no proceso mental de explicar o que se sente nas diferentes fases do tratamento. Tivo dúas edicións, publicouse en versión bilingüe galego-español e presentámolo en Barcelona, Valencia, Avila, A Coruña, Ribeira, Vigo, Lugo, Orihuela

– Que che aportou esta experiencia?

– Moito, moito, penso que un poemario sandador para quen o escribiu e para quen o lé. Foi moi importante o feito de que propiciou un emocionante encontro cunha muller a quen admiro dende sempre: Xina Vega, que estaba a pasar por un trance semellante. Posteriormente, tiven a satisfacción de que ela fixese o prólogo de Sereas.

Voces e vidas de mulleres amigas

– Que pretendías ao publicar este terceiro poemario?

– Pensei en como me sentira eu polo feito de ser muller, de ter unha traxectoria vital de muller, como se fixese un balanço de vida motivada pola necesidade de recuperar a voz, de ter unha esperanza... Pero cada quen ten que construír a súa propia vida e en cada momento hai novos atrancos.

– A túa poesía ten moita sensibilidade social. Agora ves máis atrancos?

– Seguimos no patriarcado nun momento aínda máis álxido do que podíamos maxinar. Temos que dar voz as mulleres que a teñen deturpada polo seu amo... No básico e no esencial afrontamos pantasma e problemas comúns para recuperarmos a propia voz, e a das mulleres que falan alto e claro, molesta.

– Como pensas que se entenderán as túas Sereas neste tempo que describes?

– Con este último libro moitas mulleres pódense identificar polas desigualdades que aínda padecemos, pola loita a prol de dereitos que perigan e que foron recoñecidos recentemente, por desmitificar a maternidade romántica, meliflua, que nos quere convencer de que se non somos nais non somos nada, polo romantismo atribuído a maternidade...

– Hai, obviamente, un discurso político que atravesa a túa poesía...

– Non me podo desprender da parte pedagóxica, didáctica, que non rima nada ben coa poesía pero eu teño ese cheiriño que intento corrixir. Cando vas aos clubs de lectura, os obradoiros con Dores Tembrás, con Antía, con Yolanda Castaño, non é infrecuente atopar algunha muller xubilada que escribe e o fai ben...

– Como ves o teu futuro como escritora?

– Seguir escribindo é moi gozoso para min, pero non teño todo o tempo que precisaría. Porén querría seguir escribindo con tranquilidade, sen expectativas de carreira literaria. Só polo pracer de escribir desde o meu sillón que dá á viguesa Praza da Miño, vendo un fermoso parque urbano... Sen ter marcado obxectivos pechados e coa tranquilidade de que hai moita xente que o fai marabillosamente. En verdade, para min escribir é terapéutico, dame momentos que vivo coma un galano, de desconto, dunha perspectiva gozosa. iso non evita momentos duros, pero o sofrimento ven polo corpo, por algunhas vivencias...

– Quen son as túas referentes poéticas?

– Non son só poéticas... Gosto moito de Sharon Olds, Louise Glück, Anne Carson moi especialmente (agora mesmo teño na man “La belleza del marido”). Ben merecen o Nobel e todas son mulleres maduras que referencian a propia vida, profesoras universitarias que escriben desde sempre. Pasoume co libro do cancro e vinlle a utilidade de que outras persoas conectasen con el, que lles puidera servir saber que eu superei o tratamento afortunadamente, que lles deran luz, non só de explicar a doenza senón contar o contexto, amizades, familia, utilidade clara de axuda.

– Pensas que tes un público obxectivo ben definido?

– Podería pensarse que as maiores estarían máis interesadas, pero ás máis novas tamén lles gusta saber a nosa historia, de onde vimos... por exemplo, a miña filla Carolina e as súas amigas, cando o leron, comentaron cousas referidas a momentos históricos que teñen afastados, e iso paréceme bo e saudable. Tamén ex alumnas que van as presentacións ou me escriben para darme a súa impresión, máis eu penso que favorece que son textos doados de ler. Tamén é certo que hai cousas que emocionan coma o efecto dun poema que adico ao caldo que facía a miña nai e que sigo facendo eu para a miña familia, porque converte algo tan cotián en parte dunha saga familiar. Iso supón aprender das nais e das avós, máis tamén das máis novas.

– Falando das máis novas... como ves a súa situación actualmente.

– Non sei se a xeración que agora anda entre os corenta e os cincuenta anos sente que mudara algo, mais eu percibo peor a situación que cando escribín a dedicatoria. E se penso nas anteriores, as fillas e mesmo netas da ditadura, velaí a exaltación da beleza física, a cousificación, a pornificación da sociedade, a utilización do propio corpo espido como xeito de empoderamento... Penso que viven un engano grave, poden chegar a sufrir por non ter un corpo normativo e procuran operalo, hai unha tiranía dunha estética imposible, e ao mesmo tempo, a presión de ser boa nai segundo estándares máis fortes ca os que tivemos nós que atendemos as nosas crianzas coa tribo de avoas e tías a carón. Agora a maternidade semella ser algo só da nai, ou da parella -con sorte-. Vénsenos enriba un tempo máis esixente e duro, con mensaxes que teñen unha amplificación moi potente, que denigran o feminismo como movemento mundial de emancipación e volven “á pata crebada e na casa”, que queren a volta de sermos o “descanso do guerreiro”. Estamos nun momento delicado, difícil. O patriarcado nunca remata, sempre procura novos disfraces para seguir enganándonos e dame moita mágoa a utilización do corpo das mulleres, a ideoloxía de “only fans” que fan crer ás nenas que o seu capital é a sexualidade, a prostitución, que caian niso, que non se decaten... Precisamos mozas con pensamento crítico. Mais, malia todo, non quero ser catastrofista, tamén atopo sororidade na sociedade, anímame ver nas manifestacións a rapazasmoi novas, adolescentes, reclamando os seus dereitos, O feminismo leva moito andado e as novas xeracións teñen trampas pero teñen moito pensado sobre o que reclamar.

– Céntame algo positivo, algo que che fixera feliz recentemente, iso que che devolve a esperanza, que nola devolve...

– Pois en outubro pasado, en Córdoba (Arxentina) puideron ler un poema de Sereas Afónicas dedicado aos feminicidios de Ciudad Juárez, nun evento organizado polo que alí chaman Polo da Muller xunto á Universidade Pública. Días antes estivera naquel mesmo espazo nada menos que a grande Rita Segato, que tamén falou deste tema ao que lle dedicara unha das súas primeiras investigacións que son referenciais para todas nós. Puideron lelo diante dun auditorio cheo ata a bandeira e con máis de 20.000 persoas seguíndoo “on line” desde varios países latinoamericanos. Lino en galego e en castelán. A ovación foi inesquecible. A emoción, xa te imaxinas.

– Gustaches da edición?

– Moitísimo, fíxate o que destaca a editorial no seu web cando presenta o libro: “Este poemario, dividido en cinco apartados: A foto en sepia, Cada pedra fai camiño, Facendo niño, Recoñecerse noutras voces e Con voz propia, percorre a traxectoria dunha muller, de calquera muller contemporánea. Denuncia a violencia simbólica que se exerce sobre elas, as dificultades para rachar coa orde «natural» das cousas, o modelado social que fai que cada rotura co establecido sexa penalizada, as dificultades para ser muller ademais de filla, nai, profesional, parella... Retrata a loita diaria contra a tiranía da beleza, contra a síndrome da impostora, a estafa do amor romántico... Reivindica igualdade nunha sociedade patriarcal que lles nega a voz ás mulleres. Trátase de pechar o círculo da vida aceptando as derrotas, sendo máis sabias, apoderadas desa voz persoal que sen renunciar aos saberes da tribo e a revalorización dos coidados, proxecte e cree un mundo con máis amplos horizontes.”

– Pois si, non se pode explicar mellor... Parabéns para a editorial, para a escritora e para quen o lé.